

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 25 DE AGOSTO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

D E C R E T O S

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

-Decreto polo que se dispón que cese Marta González Vázquez como directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Acción Social da Secretaría do Benestar a Xosé Bieito Seara Formoso.

-Decreto polo que se nomea directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller a Ana Luisa Bouza Santiago.

-Decreto polo que se nomea delegada provincial da Igualdade e do Benestar na Coruña a María Tereixa dos Anxos Novo Arrojo.

-Decreto polo que se nomea delegada provincial da Igualdade e do Benestar en Lugo a Branca Rodríguez Pazos.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Igualdade e do Benestar en Ourense a Xosé Francisco Ferreiro Abelleira.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Igualdade e do Benestar en Pontevedra a Francisco Javier Vereá Argibay.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

-Decreto polo que se nomea secretario xeral de Análise e Proxección a José Manuel Rivera Otero.

-Decreto polo que se nomea secretario xeral de Emigración a Manuel Luis Rodríguez González.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Xustiza a Santiago Antonio Roura Gómez.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Protección Civil a Antonio Espinosa González.

-Decreto polo que se nomea directora xeral de Administración Local a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

-Decreto polo que se nomea delegada provincial da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Pontevedra a María del Carmen Larriba García.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

-Decreto polo que se acorda a concesión do uso, a título gratuito, dun inmovible en Monforte de Lemos (Lugo)

-Decreto polo que se modifican os estatutos da sociedade Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

-Decreto polo que se dispón que cese José Antonio Fernández Vázquez como secretario xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

-Decreto polo que se dispón que cese Valeriano Martínez García como director xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

-Decreto polo que se dispón que cese Antonio José Boné Pina como delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en Lugo.

-Decreto polo que se dispón que cese José Elier Ojea Ureña como delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en Ourense.

-Decreto polo que se dispón que cese José Rubén López López como delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en Pontevedra.

-Decreto polo que se nomea secretario xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes a Luis Vázquez Rodríguez.

-Decreto polo que se nomea director xeral de Transportes a José Carlos Baños Márquez.

-Decreto polo que se nomea presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia a Vicente Irisarri Castro.

-Decreto polo que se nomea presidenta do Xurado de Expropiación de Galicia a Julia María Carmen Chamosa Martín.

-Decreto polo que se nomea como delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes en Lugo a José Daniel Núñez Segade.

-Decreto polo que se nomea como delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes en Ourense a Raúl Fernández Fernández.

-Decreto polo que se nomea como delegado provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes en Pontevedra a María Isabel Domínguez Quintás.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Coruña a Pedro Armas Diéguez.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Lugo a José Rábade Arias.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Ourense a Gonzalo Iglesias Sueiro.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Pontevedra a José Armando Cristóbal Fernández Vázquez.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

-Decreto polo que se dispón que cese Jesús Espada Martínez como delegado provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio na Coruña.

-Decreto polo que se dispón que cese Ramón Fernández-Linares Bouza como delegado provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio en Ourense.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Innovación e Industria na Coruña a José Luis Barcia Picos.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Innovación e Industria en Ourense a Xosé Antón Jardón Dacal.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

-Decreto polo que se dispón que cese José Ramón Molinero Senovilla como delegado provincial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural en Lugo.

-Decreto polo que se dispón que cese José Manuel Gabeiras Vérez como delegado provincial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural en Pontevedra.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería do Medio Rural en Lugo a Emilio López Pérez.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería do Medio Rural en Pontevedra a Amadeo Gonzalo Constenla Bergueiro.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

-Decreto polo que se dispón que cese Jorge Suanzes Hernández como director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

-Decreto polo que se dispón que cese Moisés Hermida Sanromán como director xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.

-Decreto polo que se dispón que cese Manuel Barral Castro como delegado provincial da Consellería de Sanidade na Coruña.

-Decreto polo que se dispón que cese Miguel Abad Vila como delegado provincial da Consellería de Sanidade de Ourense.

-Decreto polo que se nomea Director Xeral de Saúde Pública a Ramón Medina González-Redondo.

-Decreto polo que se nomea directora xeral da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde a Ana Consuelo Fernández Pulpeiro.

-Decreto polo que se nomea delegada provincial da Consellería de Sanidade na Coruña a María Ausencia Tomé Martínez de Rituerto.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Sanidade en Ourense a Juan Monedero Aguilera.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

-Decreto polo que se dispón que cese Pablo Ramón Fernández Asensio como delegado territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos en Lugo (Celeiro).

-Decreto polo que se nomea director do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia a Xosé Manoel Romarís Pais.

-Decreto polo que se nomea delegada territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos na Coruña a Rosa María Liaño Pedreira.

-Decreto polo que se nomea delegado territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos en Lugo a Jaime Cancio Rodríguez.

-Decreto polo que se nomea delegada territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos en Pontevedra (Vigo) a María de los Ángeles Asunción Montero López.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

-Decreto polo que se dispón que cese Ana María Díaz López como delegada provincial da Consellería de Medio Ambiente na Coruña.

-Decreto polo que se dispón que cese Luis González Vázquez como delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente en Lugo.

-Decreto polo que se dispón que cese Agustín Prado Verdeal como delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente en Ourense.

-Decreto polo que se dispón que cese José Antonio López Rodríguez como delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente en Pontevedra.

-Decreto polo que se nomea secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a Jorge Antonio Santiso Blanco.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible na Coruña a Manuel Tajés Gómez.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Lugo a Eduardo Vidal Baamonde.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Ourense a Celso Fernández López.

-Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Pontevedra a Juan Francisco Froján Fontán.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

-Decreto polo que se dispón que cese José Lage Lage como delegado provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais en Ourense.

-Decreto polo que se nomea delegada provincial da Consellería de Traballo en Ourense a Carmen Rodríguez Dacosta.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

-Decreto polo que se nomea a Encarna Otero Cepeda como directora xeral de Fomento e Calidade da Vivenda.

A C O R D O S

CONSELLERÍA DE SANIDADE

-Acordo polo que se autoriza a subscrición da 4º cláusula adicional ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Escola de Administración Sanitaria (FEGAS) para o incremento da actividade prevista no convenio.

-Acordo polo que se autoriza a subscrición da 5º cláusula adicional ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Escola de Administración Sanitaria (FEGAS) para o incremento da actividade prevista no convenio.

-Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela para o estudo de aspectos relativos á problemática asociada ao consumo de drogas.

I N F O R M E S

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

-Informe sobre os orzamentos.

Presentado esta mañá no Consello do Goberno galego

UN INFORME DE ECONOMÍA DESTACA O ELEVADO NIVEL DE ENDEBEDAMENTO DA ANTERIOR XUNTA DE GALICIA

O conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, presentou hoxe durante a reunión do Consello da Xunta un diagnóstico previo da situación económico-financeira da Xunta de Galicia. O informe elaborado pola Consellería de Economía e Facenda destaca o alto grao de endebedamento da Comunidade Autónoma Galega, que se encontra na actualidade entre as tres Comunidades máis endebedadas de España.

O informe presentado por Fernández Antonio en Consello desvela así mesmo que, ao peche do ano 2004, se produciron significativos remanentes negativos de tesourería. A Comunidade Galega presenta un déficit sanitario acumulado de trescentos vinte millóns de euros tamén durante o ano 2004.

Por outra parte, e tal e como indica o diagnóstico da Consellería de Economía, o anterior Goberno Galego adquiriu un elevado grao de compromisos orzamentarios para os vindeiros exercicios. Estes compromisos refírense ao período 2006-2009.

Por un importe de 164.500 euros

**ASINADAS DÚAS CLÁUSULAS ADICIONAIS AO CONVENIO ENTRE
SANIDADE E O SERGAS COA FUNDACIÓN PÚBLICA ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA**

- **O dito convenio ten como fin o desenvolvemento de actividades de formación, investigación e avaliación de tecnoloxías sanitarias, entre outros**

O consello da Xunta vén de autorizar a subscripción de dúas cláusulas adicionais (a 4ª e a 5ª) ao convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde coa Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS). A aplicación orzamentaria destinada a estas ampliacións é de 164.500 euros.

O obxecto do dito convenio de colaboración é que a FEGAS desenvolva actividades de formación, investigación, avaliación de tecnoloxías sanitarias, entre outras.

Entre a actividade concertada ampliada recóllense nestas cláusulas: o papel da atención primaria en prevención e detección precoz do VIH, a importancia da detección precoz da tuberculose, a detección da xordeira en período neonatal, a detección precoz do cancro de mama, a actualización na técnica de mamografía, a detección de enfermidades endócrinas e metabólicas en período neonatal, a formación: estudantes, hospitais, MIR, etc.

Para tal efecto o departamento que dirixe María José Rubio comprométese a achegar á USC 48.080 euros en dúas anualidades

SANIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN PARA ESTUDAR ASPECTOS DA PROBLEMÁTICA ASOCIADA AO CONSUMO DE DROGAS

A Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela colaborarán no estudo de determinados aspectos relacionados coa problemática asociada ao consumo de drogas. Para tal efecto, o Consello da Xunta celebrado no día de hoxe deu o visto e praxe ao convenio de colaboración entre as anteditas institucións, no que se recolle que o departamento que dirixe María José Rubio Vidal se compromete a achegar á Universidade da capital de Galicia 48.080 euros en dúas anualidades (12.020 no primeiro ano e 36.060 no segundo).

Mediante este acordo establécese a forma e condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Administración sanitaria galega e a USC para o estudo necrótico-toxicolóxico das mortes producidas por reacción aguda a drogas de abuso e o *Estudo sobre a determinación de metadonemias en pacientes dos programas de mantemento con metadona e sobre a determinación toxicolóxica de substancias-droga derivadas do labor asistencial ao colectivo de drogodependentes na rede asistencial do Plan de Galicia sobre Drogas*.

O convenio recolle así mesmo que a Consellería de Sanidade apoiará a formación en asistencia drogodependencias do persoal dependente do Instituto Universitario de Medicina Legal.

Este convenio é consecuencia do compromiso da Consellería de Sanidade (artigo 27 da Lei de Galicia sobre drogas), a través do órgano coordinador do *Plan de Galicia sobre Drogas*, para estruturar un sistema de información e vixilancia sobre a frecuentación asistencial e morbi-mortalidade derivadas do uso de drogas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O USO GRATUÍTO DUN INMOBLE DE MONFORTE PARA FINES SOCIOCULTURAI

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un decreto polo que se acorda a cesión do uso, a título gratuito, dun inmoible na rúa Valle Inclán nº 14, de Monforte de Lemos (Lugo). A dita cesión realízase a favor da *Asociación de Veciños do Barrio da Florida, Eduardo Pondal*, de Monforte de Lemos, co obxectivo de que o inmoible se destine a fins socioculturais.

O edificio cedido pola Consellería de Economía e Facenda é unha construción de planta baixa, con dous almacéns anexos. A superficie total construída mide 314 metros cadrados, e está asentada sobre un solar de 372 metros cadrados.

Este inmoible de Monforte de Lemos será dedicado a servizos de interese social e cultural, promovidos pola *Asociación de Veciños Eduardo Pondal*. O Goberno Galego outorga a cesión do seu uso por un período de dez anos, prorrogable por períodos sucesivos da mesma duración, se así o acordase expresamente o Consello da Xunta.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DE *RETEGAL*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un decreto polo que se modifican os estatutos da *Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas (Retegal)*. Esta modificación obedece aos cambios na estrutura orgánica da Xunta de Galicia, que fan preciso que o novo presidente do Consello de Administración da sociedade se axeite aos ditos cambios.

As modificacións no artigo dezaseis dos estatutos da sociedade *Retegal* indican que o Consello de Administración estará presidido polo novo secretario xeral de Comunicación. Por outra parte, a elección dos conselleiros membros do dito Consello correspóndelle á Xunta Xeral de Accionistas, e o secretario do Consello de Administración será elixido polo mesmo por proposta do presidente.

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

DIRECTOR XERAL DE ACCIÓN SOCIAL

Xosé Bieito Seara Formoso

Nacido en 1960 en Maceda, Ourense, Xosé Bieito Seara Formoso é licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela, formación completada con estudos, cursos e diplomas sobre lexislación vixente.

Ata o seu nomeamento como director xeral de Acción Social, exercía como profesor de Ensino Secundario no IES Portovello, centro en que desenvolveu o cargo de Coordinador da Formación en Centros de Traballo nas Ensinanzas Especializadas. Asemade, era concelleiro do Concello de Maceda, do cal foi alcalde en 1995.

A súa actividade profesional pasou tamén polos cargos de economista, xestor administrativo, corredor de seguros e administrador de consultoría de empresas como asesor fiscal, laboral e mercantil.

Na actualidade, é membro do Consello Reitor do *Instituto Ourensán para o Desenvolvemento (INORDE)*, dependente da Deputación de Ourense e conselleiro da Asemblea Xeral de *Caixanova*.

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

DIRECCIÓN XERAL DO SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

Ana Luísa Bouza Santiago

Nacida na Coruña en 1960, Ana Luísa Bouza Santiago diplomouse en Formación Bancaria no Colexio Universitario de Estudos Financeiros (CUNEF) do CSB en 1986.

A nova directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller era, ata o seu nomeamento, analista de aplicacións informáticas no Banco Pastor.

Forma parte do Consello de Redacción da revista feminista galega ANDAINA e é co-redactora na área de muller do Foro do Novo Estatuto.

É membro do Consello Nacional do BNG.

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

DELEGADA PROVINCIAL NA CORUÑA

María Tereixa dos Anxos Novo Arrojo

María Tereixa dos Anxos Novo Arrojo, diplomada en Ensino Primario e especialista en Educación Musical, Matemáticas e Ciencias Naturais e en Lingua Galega, é profesora no IES Xelmírez 1 de Santiago.

A súa actividade docente comézaa en Fisterra no ano 1985, onde permanece ata o ano 1995. Durante a súa estadia nesta localidade coruñesa María Tereixa dos Anxos Novo Arrojo participou activamente na vida social e cultural do municipio e mesmo chegou a ser candidata á alcaldía no ano 1991 polo Bloque Nacionalista Galego. Nesta corporación municipal ocupou o cargo de primeira tenente de alcalde e de concelleira de Cultura.

No período 1995-2001, Tereixa Novo Arrojo foi liberada sindical da CIG-Ensino e desde 2002 ata 2005 foi deputada no Parlamento de Galicia.

Actualmente, é membro do Consello Nacional do Bloque Nacionalista Galego e da súa Executiva Nacional, onde ocupa o cargo de secretaria de Acción Feminista.

Así mesmo é membro do grupo *Fuxan os Ventos* desde o seu inicio no ano 1972.

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

DELEGADA PROVINCIAL EN LUGO

Branca Rodríguez Pazos

Nacida en Lugo, Branca Rodríguez Pazos é diplomada en Traballo Social.

Comezou a súa traxectoria profesional en *Cáritas Diocesanas* de Lugo, como asistente social e responsable do departamento social desta organización (1971-1972). Posteriormente, no ano 1974, aprobou as oposicións ao Corpo Especial de Asistente Social do Mutualismo Laboral, onde desempeñou distintos cargos. En 1985, Branca Rodríguez Pazos obtivo a praza de directora do Centro de Base de Minusválidos do IMSERSO de Lugo.

Actualmente, é funcionara da Xunta de Galiza (o IMSERSO foi transferido á Administración autonómica en abril de 1985) e ocupa o cargo de xefa de Sección de Minusvalideces e presidenta do Equipo de Valoración e Cualificación de Minusvalideces da Xunta en Lugo.

Desde mediados do ano 1970, Branca Rodríguez Pazos foi militante de distintas organizacións sindicais, políticas e feministas, exercendo de representante sindical e secretaria sindical da muller na Coruña durante varios anos.

Así mesmo, é militante do Bloque Nacionalista Galego, exercendo como membro do Consello Social e comarcal desde os anos 80. Tamén foi concelleira do BNG en Lugo desde maio de 1991, portavoz polo BNG (maio de 1996 ata decembro de 2003) primeira tenente de alcalde e responsable da área de Benestar Social no mesmo concello, así como delegada de Servizos Sociais e Participación Cidadá. En decembro de 2003 Branca Rodríguez Pazos deixou a súa actividade política no Concello de Lugo.

Durante varios anos, formou parte do Consello Nacional do BNG (1997-2003) e tamén do Consello Comarcal do BNG en Lugo.

Coñecedora profunda da realidade social e cultural de Lugo, Branca Rodríguez Pazos sempre traballou en defensa da cultura e do idioma galego e estivo vinculada ás distintas organizacións e asociacións da cidade.

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

DELEGADO PROVINCIAL EN OURENSE

Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Nacido na Coruña, Xosé Francisco Ferreiro Abelleira é licenciado en Dereito, diplomado en Enfermaría-Graduado Social, funcionario sanitario do Sergas, con praza no Irixo, e funcionario docente da Consellería de Educación (en excedencia).

A súa actividade política está vinculada ao concello do Carballiño (Ourense), onde exerceu de tenente alcalde no goberno de coalición BNG-PSOE e, na actualidade, como portavoz municipal do Bloque Nacionalista Galego. Así mesmo, foi deputado no Parlamento de Galicia nas dúas últimas lexislaturas, sendo portavoz de sanidade e emigración.

Xosé Francisco Abelleira é experto en tema sociosanitarios e de emigración, xa que participou activamente na reforma psiquiátrica que se produciu en Galicia no Sanatorio Psiquiátrico de Conxo e que foi recoñecida pola Organización Mundial da Saúde; foi vicepresidente da comisión parlamentaria para o estudo e o seguimento da situación sociosanitaria dos emigrantes galegos; vicepresidente da comisión parlamentaria para o estudo e o seguimento da loita contra o narcotráfico en Galicia e as súas implicacións sociais e sanitarias; responsable do Consello Nacional do Bloque Nacionalista Galego da comisión de sanidade e de emigración; e titular da Concellaría de Sanidade e Servizos Sociais no Carballiño, no goberno de coalición BNG-PSOE.

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

DELEGADO PROVINCIAL EN PONTEVEDRA

Francisco Javier Vereá Argibay

Nacido en Pontevedra, en abril do 1965, é licenciado en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela (1991)

Dende o ano 1996 é médico de Urgencias Hospitalarias no Hospital Nicolás Peña de Vigo.

Dende o ano 2001 é responsable comarcal do BNG no Morrazo e membro do Consello Nacional do Bloque Nacionalista Galego.

É, asemade, membro da Comisión Nacional de Sanidade do BNG.

PRESIDENCIA

SECRETARIO XERAL DE ANÁLISE E PROXECCIÓN

José Manuel Rivera Otero

Natural de Ferrol, actualmente é veciño de Teo. É profesor titular de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Santiago. Foi vicerreitor da USC, director do Barómetro Político de Galicia, director do Master Interuniversitario de Marketing Político (Universidade de Santiago, Universidade de Barcelona, Universidade de Granada).

Ocupou tamén o cargo de co-coordinador do Observatorio de Política Autonómica, que inclúe as comunidades autónomas de Andalucía, Cataluña, Euskadi e Galicia. Así mesmo, foi director do Master de Cooperación internacional e voluntariado da USC.

Rivera Otero é experto en organización política. Doutorouse cunha tese sobre “A construción do liderato nos partidos políticos” e entre as súas publicacións destacan títulos como *Os partidos políticos en Galicia*, *As eleccións xerais en Galicia*, *Estratexia e organización nos partidos políticos*, *O sistema político galego*, *O sistema electoral galego*, entre outros.

Dirixiu o Equipo de Investigacións Política da USC dende o cal puxo en marcha o Observatorio turístico de Compostela, o Observatorio do Comercio electrónico e o Observatorio de política municipal (coas universidades de Barcelona e Granada).

Así mesmo, ten participado en numerosos congresos nacionais e internacionais e, na actualidade traballa sobre estratexia e calidade na decisión política.

PRESIDENCIA

SECRETARIO XERAL DE EMIGRACIÓN

Manuel Luís Rodríguez González

Nacido no ano 1952 na Peroxa- Ourense. Casado e con dous fillos, é mestre e licenciado en Psicoloxía.

Exerceu como mestre ata 1995. En 1995 accede por oposición ao corpo de profesores de Ensino Secundario pola especialidade de Tecnoloxía. Na actualidade exerce como PES no CPI de Mende-Ourense.

Foi director do Colexio Público de Castro-Mos dende 1977 ata 1982. Director no CPI de Mende dende 1996 ata 2002, no cal se incorpora ao Parlamento Galego.

Foi voceiro municipal do grupo socialista na Peroxa dende 1999 ata 2002. Formou parte de varios comités locais da cidade de Ourense. Foi membro da Executiva galega do PSdeG antes do último Congreso.

Formou parte de Parlamento Galego polo Grupo Socialista dende 2002 ata 2005. Na Cámara autonómica foi portavoz de Deportes. No último ano desempeñou a portavocía de Educación. Así mesmo, participou nas comisións de Administración Pública e Xustiza, Seguridade Viaria, Adaptación do Sistema Universitario ao Espazo Superior Europeo.

Formou tamén parte da Comisión de Emigración, da cal ademais actuou como secretario.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECTOR XERAL DE XUSTIZA

Santiago Antonio Roura Gómez

Naceu na Coruña en 1970 está casado e ten dous fillos. É Doutor en Dereito pola Universidade da Coruña (UDC) e funcionario de Carreira, do Corpo de Profesores Titulares de Universidade na área de Dereito Constitucional. Actualmente está destinado no Departamento de Dereito Público da Universidade da Coruña.

Ten desenvolvido tarefas docentes na UDC con bolsas dende 1994 ata 1998. A partir dese momento ten sido profesor axudante de Dereito Constitucional do Departamento de Dereito Público da UDC. Dende 2001 é Profesor Titular. Nestes últimos anos ten impartido docencia nas Facultades de Dereito e Socioloxía da Universidade da Coruña e exerceu como titor do Centro Asociado da UNED da Coruña entre os anos 1996 e 2001 e, posteriormente, no centro asociado en Ferrol.

As súas investigacións afondan en temas como a reforma constitucional, o control da constitucionalidade, a Historia da Constitución española e a distribución territorial do poder político, tanto en España como no Dereito Comparado, en particular no federalismo norteamericano, entre outros.

Santiago Roura é secretario xeral da sección sindical de FETE-UXT na UDC, dende maio de 2005 tamén é presidente da Xunta de Persoal Docente e Investigador da mesma.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECTOR XERAL DE PROTECCIÓN CIVIL

Antonio Espinosa González

Nacido en Huelva, en 1948, é licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, mestre de Ensino Primario e master MBA en Administración Pública. Así mesmo, é experto en formación de grupos de traballo da Ofician Internacional de Educación, do programa de Novas Tecnoloxías da OCDE e do Consello de Europa.

Dende o ano 1998 e ata a actualidade, exerceu como profesor de Ensino Secundario e como profesor titor do Centro Asociado de Madrid da UNED dende o ano 2000. Tamén exerceu como profesor titor do Centro Asociado de Pontevedra da UNED (1980-1982)

Así mesmo, desempeñou as funcións de coordinador de Edicións Educativas en Madrid (1996-1997). Como director de Formación Profesional da Editorial Santillana responsabilizouse da estratexia editorial, da conta de resultados, do deseño, lanzamento, promoción e comercialización do catálogo de publicacións para o sistema de Formación Profesional.

Foi inspector de Educación e profesor de Formación Profesional entre os anos 1991 e 1993, conselleiro técnico do Gabinete do Ministerio de Educación e Ciencia (1998-1991) e subdirector xeral de Ordenación Educativa deste mesmo ministerio.

Na actualidade ocupaba o posto de secretario xeral da Delegación do Goberno en Ceuta. Con anterioridade, ocupou os cargos de xefe do Gabinete Técnico da Delegación do Goberno en Ceuta.

É autor de varias monografías, artigos, conferencias e relatorios sobre temas de Formación Profesional e Educación.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DIRECTORA XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Naceu en novembro de 1966 e está casada. Licenciada no ano 1989 en Ciencias Económicas e Empresariais, Sección Económicas, dende 1996 e ata o de agora é concelleira de Cultura e Servizos Sociais na Corporación Municipal de Cerceda (A Coruña), con dedicación exclusiva.

Tras licenciarse e ata 1990, traballou para *Sogaco S.A.*, empresa consultora de estudos económicos sectoriais e ambientais, onde participou na elaboración do estudo *A Agricultura en Galicia*, para a Consellería de Agricultura (1990).

Entre 1991 e 1996 asumiu a dirección da Concellaría de Cultura e Servizos Sociais do Concello de Cerceda, tarefa que compaxinou co seu traballo para a *Soelme S.L.*, unha empresa asesora fiscal, contable e laboral.

Entre 1999 e 2000 elaborou a proposta de nova estrutura municipal, relación de postos de traballo e valoración dos mesmos no Concello de Cerceda, traballo que obtivo o *II Premio de Iniciativas de Mellora da Calidade das Entidades Locais* da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DELEGADA PROVINCIAL EN PONTEVEDRA

María del Carmen Larriba García

Nacida en Pontevedra en 1953, María del Carmen Larriba García é licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela.

En 1978 ingresa, por oposición, no corpo de profesores agregados de bacharelato, exercendo a súa actividade docente nos institutos de Coia, Redondela e Marín. En 1981 obtén destino no instituto A Xunqueira de Pontevedra, no cal ten exercido distintos cargos directivos.

No ano 1996, María del Carmen Larriba García obtén a condición de catedrática, coa máxima cualificación do tribunal, pertencendo, na actualidade, ao corpo de catedráticos de ensino secundario. Neste mesmo ano tamén obtén a habilitación para o exercicio da función directiva de institutos de ensino secundario. Desde o ano 1997, María del Carmen Larriba García é xefa do departamento de Xeografía e Historia.

María del Carmen Larriba García desempeñou distintos cargos no PSOE e no sindicato UGT. Deste xeito, foi membro do Comité Nacional do PSdeG-PSOE e delegada da agrupación socialista de Pontevedra nos últimos cinco congresos nacionais.

En 1987 é elixida concelleira de Pontevedra do PSdeG-PSOE na candidatura encabezada por Gonzalo Adrio Barreiro, volvendo a ser elixida nas eleccións de 1991 na candidatura encabezada por Roberto Taboada.

En 1989, María del Carmen Larriba García formou parte da candidatura do PSOE ás eleccións xerais encabezada por Abel Caballero. En 1995 é elixida polo Parlamento de Galicia como representante no Primeiro Consello Social da Universidade de Vigo.

No ano 1999 é nomeada pola Alcaldía conselleira do Padroado Municipal de Cultura, sendo nomeada de novo no ano 2003.

Desde 1996 exerceu sen interrupción a súa función docente, compatibilizándoa coas demais actividades dentro do PSdeG-PSOE.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

SECRETARIO XERAL

Luís Vázquez Rodríguez

Nacido en Paderne (Ourense) en 1956, Luís Vázquez Rodríguez é licenciado en Matemáticas, na especialidade de Estatísticas e Investigación Operativa.

No curso 1980-1981, Luís Vázquez Rodríguez exerce como profesor do centro asociado da Universidade Nacional de Educación a Distancia na Coruña, nas áreas de Informática, Estatística e Complementos de Matemáticas. En 1981 ingresa como profesor no corpo de funcionarios de carreira de Ensino Secundario. Desde decembro deste mesmo ano e ata a actualidade, desenvolveu o seu labor docente en institutos de Betanzos, A Coruña e Oleiros.

Así mesmo, posúe experiencia na xestión de centros educativos e de distintas organizacións e administracións públicas. De feito, desde xullo de 1983 ata o agosto de 1984, Luís Vázquez Rodríguez foi o administrador do Instituto de Formación Profesional de Betanzos; desde xullo de 1985 ata o 30 de xuño de 1987, director do Instituto de Formación Profesional desta mesma localidade; no período 1987-1989, secretario de ensino medio de UGT-Galicia; asesor da Deputación Provincial da Coruña, nas áreas de cultura e deporte desde xullo de 1989 a xullo de 1995; e concelleiro de Obras Públicas e Urbanismo de Oleiros entre os anos 1997 e 1999.

Desde o ano 2003 e ata a actualidade, foi xefe de gabinete da Deputación Provincial da Coruña e, desde 1995, concelleiro en Oleiros. Luís Vázquez Rodríguez tamén é secretario xeral do PSdeG-PSOE en Oleiros desde 1995 e membro do Comité Nacional Galego do PSdeG-PSOE.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

DIRECTOR XERAL DE TRANSPORTES

José Carlos Baños Márquez

José Carlos Baños Márquez naceu en 1955 en Vigo e é licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela, e auditor de contas.

A súa traxectoria profesional está vinculada a tarefas de dirección económica e xerencia. Deste xeito, traballou na *Asociación Provincial de Empresarios da Construción de Pontevedra* (1980-1983); na actividade de alimentación e bebidas (1998-2004); e, ultimamente, exercía o cargo de director financeiro dunha empresa viguesa do sector do metal.

Desde xullo do ano 2004 ata xuño de 2005 foi director financeiro de FEVE (Ferrocarrís de vía estreita), con sede en Madrid.

José Carlos Baños Márquez ocupou diversos cargos públicos como militante do PSdeG-PSOE. Deste xeito, foi concelleiro de Vigo nas áreas de Economía e Facenda, Patrimonio e Contratación e Persoal (1983-1987); director xeral de Vivenda entre 1987 e 1989, período durante o cal impulsou a posta en marcha do Instituto Galego da Vivenda e Solo; e deputado no Parlamento de Galicia (1990-1997).

Así mesmo, José Carlos Baños Márquez foi membro da Executiva Nacional Galega e coordinador provincial do PSdeG-PSOE entre os anos 1988 e 1990.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

PRESIDENTE DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

Vicente Irisarri Castro

Naceu en Vigo hai 55 anos, está casado e ten dous fillos. Reside en Ferrol dende 1981.

Enxeñeiro Naval pola Universidade Politécnica de Madrid, conta con varios cursos de posgrao de xestión empresarial, entre outros o realizado no IESE sobre xestión portuaria.

Cunha dilatada e diversa experiencia profesional centrada na xestión empresarial, Vicente Irisarri foi director xerente de *FENYA* –empresa dedicada á fabricación de xeradores e motores eléctricos- e presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao. Na actualidade desempeñaba na Coruña o cargo de director xeral da cooperativa industrial e de servizos *PASSCO*.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

PRESIDENTA DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA

Julia María Carmen Chamosa Martín

Naceu en Vigo en abril de 1961. É licenciada en Arquitectura, especialidade en Urbanismo (1986).

A súa experiencia laboral iníciase como arquitecta municipal no Concello de Vigo, entre os anos 1987-1988, dende onde pasa a exercer as mesmas funcións no Concello de Moaña (1989) e, posteriormente, no Concello de Pontearreas (1990-1996).

Dende esa data vén exercendo como arquitecta de visado e control na Delegación en Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

DELEGADO PROVINCIAL EN LUGO

José Daniel Núñez Segade

Naceu en Lugo, en 1949, está casado e ten tres fillos. Licenciado en Filosofía e Ciencias da Educación, é funcionario pertencente ao Corpo de Inspectores de Educación, destinado na Delegación Provincial da Consellería de Educación en Lugo.

Na súa formación profesional, salientan as distincións de Especialista en Educación Física polo INEF, *Moniteur Européen d'Education Physique* e Especialista en Lingua Galega.

Ten así mesmo participado como profesor e coordinador en numerosas actividades e tribunais selectivos ao longo da súa vida profesional. Asemade, ten exercido como profesor colaborador da Universidade de Santiago de Compostela.

Da súa autoría son numerosos documentos de apoio ao profesorado, así como estudos sobre diferentes aspectos profesionais e publicacións editadas das comunicacións en congresos ou xornadas.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

DELEGADO PROVINCIAL EN OURENSE

Raúl Fernández Fernández

O novo delegado provincial da Consellería de Política Territorial en Ourense naceu en Castrelo do Val o 22 de marzo de 1955, concello no cal precisamente ocupaba a Alcaldía dende o ano 1987.

A súa traxectoria na política municipal levou a este diplomado en Maxisterio a ser vogal da Comisión Executiva da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) dende o ano 2003. Ese mesmo ano pasou a formar parte, tamén como vogal, da Comisión de Medio Ambiente da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

Ata o de agora compaxinaba esta actividade coa correspondente ao seu posto de vocal na Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, e ao de presidente da Asociación de Desenvolvemento da Comarca Monterrei-Verín (ADECOMOVE). Asemade, é Secretario da Fundación Comarcal Monterrei e membro do Comité Nacional do PSdeG-PSOE.

A súa traxectoria política mantívoo apartado das aulas durante estes anos. Na actualidade permanece en situación de comisión de servizos no CEIP de Castrelo do Val, pero con anterioridade exercera como docente en centros de Padrón, Boiro, Cabo da Cruz, Taragoña e Negreira.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

DELEGADO PROVINCIAL EN PONTEVEDRA

María Isabel Domínguez Quintás

Naceu en Baiona (Pontevedra), en setembro de 1965. Licenciada en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid, realizou múltiples cursos formativos en áreas como a Lei de axuizamento civil, o Mercado Único Europeo ou a Lei Urbanística de Galicia.

No campo da experiencia profesional, entre 1992 e 1994 asume o Departamento de Sinistros da Correduría de Seguros Coverbrook. Nese mesmo ano, obtén o título de procuradora dos tribunais, labor que comeza a exercer en Vigo tras colexiarse como procuradora. No 2000, coléxiase como avogada, mantendo ata a actualidade o seu propio despacho.

No eido político, foi concelleira de Urbanismo no concello de Baiona entre xuño de 2003 e decembro de 2004, así como tenente de alcalde e voceira do Goberno local durante ese período. Na actualidade é voceira do Grupo Municipal Socialista neste concello.

É asemade membro da Executiva Local Comarcal do PSdeG-PSOE en Baiona e membro da Executiva Comarcal. Dende o ano 2003, desenvolve o labor de asesora xurídica no comité de campaña do PsdeG-PSOE pola provincia de Pontevedra nas citas electorais.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DELEGADO PROVINCIAL NA CORUÑA

Pedro Armas Diéguez

Naceu en Sao Paulo, Brasil, en abril de 1959. Fillo de emigrantes galegos, é licenciado en Xeografía, con premio extraordinario, pola Universidade de Santiago de Compostela (1981). Completou a súa formación como bolseiro de Formación Persoal Investigador do Ministerio de Educación e Ciencia (1981-85) e do Centro de Altos Estudos Agronómicos do Mediterráneo (1986). No 1985, doutorouse *cum laude* pola universidade compostelá.

No ano 1989 obtivo a praza como funcionario A de carreira. Entre 1986 e 1994 traballou como profesor axudante, catedrático interino e profesor titular na Universidade Complutense de Madrid. Nese último ano, convértese en profesor titular de Xeografía Humana da Universidade da Coruña (UDC). Dende 2004, ascende a director da Alta Inspección de Educación do Estado en Galicia.

Dentro das institucións universitarias ten desenvolvido diferentes cargos orgánicos. Así, foi Secretario do Departamento de Análise Xeográfica e Xeografía Física da Universidade Complutense; Secretario do Departamento de Humanidades e vicedecano da Facultade de Humanidades da UDC.

É asemade, coordinador do máster en Xestión de Bens Culturais e Patrimonio da UDC (dende 1997) e coordinador do programa de doutoramento sobre Patrimonio Histórico e Cultural de Galicia da institución universitaria coruñesa (dende 1998).

No seu currículo figura a publicación de catro libros e a autoría de máis dunha trintena de artigos e capítulos en revistas especializadas. Participou asemade en diversos proxectos de I+D financiados tanto por administracións públicas como por empresas privadas. Neste eido, pertence aos equipos de investigación do Grupo de Turismo da Asociación de Xeógrafos Españóis, ao Grupo de Turismo en Espazo Rural da Universidade Autónoma de Barcelona e ao Grupo de Recursos Pesqueiros da UDC.

Militante do PSdeG-PSOE, é membro da Executiva da Agrupación Local da Coruña, na cal dirixe a Secretaría de Estudos e Programas.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DELEGADO PROVINCIAL EN LUGO

José Rábade Arias

Naceu en 1956, é mestre dende 1978. Cursou estudos de Xeografía na Universidade de Santiago e de Pedagogía na UNED, onde fixo o curso de posgraao.

A súa experiencia docente é ampla, dado que dende 1979 desenvolveu o seu labor como mestre en todos os niveis obrigatorios da ensino en centros de Guitiriz e Rábade. Dende 1999, exerce a dirección do Centro Santo Anxo de Rábade.

No eido sindical, é afiliado á UGT dende 1984, central na que desempeña a Secretaría Comarcal de FETE-UXT dende 1996.

No campo político, é afiliado ao PSdeG-PSOE e membro da súa Executiva no Concello lugués de Begonte.

Desenvolve asemade labores de representación institucional, dado que é delegado da Xunta de Persoal Docente non Universitario e membro do Consello Escolar de Galicia e da súa Permanente.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DELEGADO PROVINCIAL EN OURENSE

Gonzalo Iglesias Sueiro

É profesor de Educación Secundaria, na especialidade de Matemáticas. Foi concelleiro e voceiro do grupo municipal socialista no concello de Xinzo de Limia e deputado do PSdeG-PSOE na Deputación Provincial de Ourense. Pertence á Comisión Provincial de Estatística, á coordinadora provincial do PSdeG-PSOE e é membro permanente provincial do PSdeG-PSOE.

A súa experiencia docente complétase con diversos cargos directivos. Ocupou a secretaría do Colexio Público Rosalía de Castro (1973-1982) e, posteriormente, a dirección do centro (1982-1999). Participou en numerosos cursos de formación, conferencias e tribunais avaliadores.

Na actividade política estivo sempre moi vencellado á provincia de Ourense, chegando a ocupar a alcaldía de Xinzo de Limia dende o mes de xuño de 1999 ata outubro de 2001. Nesta corporación local participara con anterioridade como concelleiro polo PCG entre 1979 e 1983 e concelleiro e voceiro do PSdeG-PSOE entre 1991 e 1999. Tamén formou parte da Deputación Provincial de Ourense dende 1995, onde foi voceiro do grupo socialista dende xaneiro de 2001 ata xuño de 2003, e participou nas comisións provinciais de Estatística e de Turismo. Foi membro da Mancomunidade de Municipios da Limia dende 1999 ata 2003.

Iglesias Sueiro é autor do libro Reflexions dende a Limia, articulista habitual do diario La Región e colaborador en diversas publicacións culturais.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DELEGADO PROVINCIAL EN PONTEVEDRA

José Armando Cristóbal Fernández Vázquez

Natural de Lalín, José Armando Cristóbal Fernández Vázquez é licenciado en Matemáticas pola Universidade de Santiago.

Funcionario na escala de profesor de Ensino Secundario, leva exercido a súa actividade docente durante 20 anos, con destino definitivo no IES Aller Ulloa de Lalín, centro do que foi director no período 2000-2003.

Cristóbal Fernández Vázquez foi concelleiro e voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE no concello de Lalín no período 1983-1999 e candidato á alcaldía deste municipio nas últimas eleccións locais. Na actualidade é concelleiro e voceiro do Grupo Municipal Socialista.

Desde o ano 1983 está afiliado ao PSdeG-PSOE, partido no cal desempeñou distintos cargos orgánicos a nivel local e comarcal. Desde a súa entrada neste partido político formou parte do Comité Nacional Galego. No ano 1985, afiliouse tamén ao sindicato UGT.

Cristóbal Fernández tamén foi presidente da asociación sociocultural *Manuel Ferreiro*, organización da cal é vicepresidente actualmente.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

DELEGADO PROVINCIAL NA CORUÑA

Xosé Luis Barcia Picos

Naceu en Moeche (A Coruña), en xaneiro de 1955. Licenciado en Filosofía, cursou ademais estudos en Enxeñaría Técnica. É funcionario en excedencia do Ministerio de Defensa con categoría de técnico-inspector en construción de buques.

Na actualidade, é membro do Consello Local do Bloque Nacionalista Galego, secretario de Organización do BNG, concelleiro por esta formación en Ferrol e membro do gabinete da Vicepresidencia da Deputación da Coruña.

No eido da actividade política e social, entre 1995 e 1999 desenvolveu o labor de secretario de Organización da Asociación de Empresarios de Ferrolterra. Entre 1999 e 2003, foi nomeado asesor persoal do alcalde de Ferrol

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

DELEGADO PROVINCIAL EN OURENSE

Xosé Antón Jardón Dacal

Nacido en 1952, Xosé Antón Jardón Dacal estudou Dereito.

Desde o ano 1973 militou no nacionalismo galego, primeiro formando parte do antigo PSG e, posteriormente, dentro do Bloque Nacionalista Galego.

Desde 1985 e ata o de agora, era o alcalde do concello ourensán de Vilar de Santos. Así mesmo, foi deputado provincial polo BNG nas dúas lexislaturas anteriores.

Na actualidade, Xosé Antón Jardón Dacal ocupaba os cargos de vicepresidente segundo da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

DELEGADO PROVINCIAL EN LUGO

Emilio López Pérez

É licenciado en Ciencias Políticas pola Universidade Complutense de Madrid.

Deputado en tres lexislaturas, entre os anos 1993 e 2005, foi portavoz de Agricultura do Bloque Nacionalista Galego. Así mesmo, como parlamentario galego participou como relator da Lei de Caza de Galicia, da Lei de Residuos Sólidos Urbanos, da actual Lei de Concentración Parcelaria e da Lei de Calidade Agroalimentaria.

Na súa traxectoria profesional destaca tamén a súa vinculación ao mundo sindical, chegando a ocupar o cargo de Secretario Xeral de Comisións Labregas entre os anos 1981 e 1989) e Secretario de Acción Sindical do Sindicato Labrego-Comisións Labregas a partir de 1989 ata 1993.

López Pérez realizou diversas colaboracións nas xornadas vencelladas co ambiente na Universidade de Santiago de Compostela.

Por outra banda, traballou en iniciativas lexislativas populares de defensa do patrimonio forestal de Galicia nos anos 1989 e 1993, e contribuíu continuamente en xornadas agrarias na Comunidade galega e no País Vasco, concretamente, nos temas relativos a gandaría e cooperativismo.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

DELEGADO PROVINCIAL EN PONTEVEDRA

Amadeo Gonzalo Constenla Bergueiro

Naceu na Estrada en 1965. Cursou os seus estudos universitarios de Filoloxía Xermánica na Universidade de Santiago de Compostela.

Na actualidade, é profesor da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo e dirixe a Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela. É profesor convidado da Ruhr Universität-Bochum (Reinado do Norte-Westfalia) e na Erasmushogeschool Brussels (Flandes).

É membro de varios grupos de investigación nas Universidades de Vigo, Barcelona e foi investigador convidado nas Universidades de Kent-Canterbury (Inglaterra), Cork (Irlanda), Malta, Aberstwyth (País de Gales) e Costa Rica.

Autor de diversas publicacións e estudos no campo da Filoloxía Inglesa, Tradución e Estudos Galegos, foi tamén coordinador de diferentes congresos e simposios relacionados con estas áreas de coñecemento. Así mesmo, é membro do consello de redacción de Viceversa. Revista Galega de Tradución.

É voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello da Estrada, da cuxa Corporación forma parte dende o ano 1995 e na que preside a Comisión de Estudo de Valoración Catastrais. Asemade, foi voceiro do grupo en diferentes comisións municipais e membro do Padroado da Fundación Cultural da Estrada.

Foi membro activo de diversas asociacións e colectivos de base como a Asociación Cultural A Estrada, ADEGA, A Mesa pola Normalización Lingüística, os Comités Abertos de Facultade e a Unidade Veciñal Estradense, entre outros.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

DIRECTOR XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

Ramón Medina González - Redondo

Nado en xuño de 1948, Ramón Medina González – Redondo é licenciado en Medicina e Cirurxía, e especialista en Medicina Familiar e Comunitaria pola Universidade Complutense. Foi médico de Atención Primaria e residente de Atención primaria e residente de Medicina Familiar e Comunitaria no Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña.

Na Administración ocupou a Xefatura de Sección do Ministerio de Sanidade e Consumo con funcións de Planificación Sanitaria e Sanidade Exterior; subdirector xeral de Promoción e Protección da Saúde da Xunta e Director Xeral de Saúde Pública do Goberno galego. Foi, tamén, director xerente de Atención Primaria do Insalud na provincia de Lugo e Xefe de Sección de Planificación Sanitaria da Consellería de Sanidade e do Sergas desde 1992.

Participou na redacción da totalidade dos Plans de Saúde de Galicia. Foi director docente extrahospitalario da Especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria do programa MIR no Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo; profesor en diversos cursos sanitarios organizados polas Universidades de Santiago de Compostela e Complutense de Madrid, polos Ministerios de Sanidade e de Educación, Insalud, Sergas, FEGAS, Academia Galega de Medicina e Cirurxía, e por varios colexios médicos.

É presidente desde 2002 de UNICEF – Galicia, organización da cal viña sendo vicepresidente desde 1989, tamén foi director de varias teses de licenciatura e traballos, así como de diversos cursos e coordinador de módulos de formación en Administración Sanitaria e Saúde Pública e en Diagnóstico da situación da saúde de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

DIRECTORA XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Ana Consuelo Fernández Pulpeiro

Nacida en Foz en 1959, Ana Consuelo Fernández Pulpeiro é licenciada en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela. Master en Dirección e Planificación Universitaria pola Universidade Politécnica de Cataluña. Completou a súa formación coa participación en numerosos seminarios e cursos monográficos.

Ata o seu nomeamento, era Directora da Área de Calidade da Universidade de Vigo e Secretaria do Consello Executivo da Fundación UVIGO, cargos que desempeñaba dende 2002.

A súa dilatada actividade profesional incluíu a Xerencia da Universidade de Santiago e a Xerencia de CEN, Gabinete Técnico Económico, empresa dedicada á xestión integral das PEMES. Asemade, realizou labores de asesoramento na área de Xestión e Consultoría de Organización na empresa pública Instituto Galego de Medicina Técnica e foi profesora do INEM dende 1991 ata 1994 para cursos de formación continua de Xestión de PEMES.

Foi Directora de Xestión e Servizos Xerais do Hospital Xeral de Galicia – Clínico Universitario de Santiago de Compostela entre xuño de 1988 e maio de 1991. En xaneiro de 1988 foi Responsable Executiva do ZUR de Ferrol e posteriormente, Directora da ZUR de Galicia ata a finalización da vixencia do sistema de axudas oficiais en maio dese mesmo ano.

Con anterioridade, foi Técnico na ZUR de Galicia en 1985 e Técnico de Xestión do INSALUD no Centro de Diagnóstico e Tratamento Concepción Arenal de Santiago de Compostela en 1983. En 1982 colaborou como axudante técnico na elaboración das táboas “Input – Output” de Galicia, no Departamento de Teoría Económica da Facultade de Ciencias Económicas de Santiago de Compostela.

Asemade, realizou numerosos traballos de investigación, entre os cales destaca o traballo cunha bolsa da Deputación de Pontevedra entre 1982 e 1983 sobre “La Empresa Pública en el entorno industrial gallego”.

Impartiu Cursos de Prácticas Hospitalarias no Curso Superior de Administración e Xestión Sanitaria, organizado pola Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela. Foi poñente nas Xornadas de Xestión e avaliación de Custos Hospitalarios e entre os anos 1992 e 1996 participou, en calidade de experto con funcións formativas e de titoría, no “Curso de Xestión de PEMES”, impartido polo INEM en Compostela.

Dende 1996 ata a actualidade participa como relatora nas múltiples xornadas de Xerencia Universitaria e é directora e profesora de programas formativos en organizacións de Xestión de Recursos Humanos; Xestión de Aproveisionamentos; Técnicas de Dirección para mandos intermedios; Custos no Entorno Sanitario; Xestión Económica e Orzamentaria, con especial referencia aos centros sanitarios; Dirección e Xestión Universitaria; Planificación Estratéxica e Dirección Universitaria e Avaliación da Calidade no ámbito universitario.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

DELEGADA PROVINCIAL NA CORUÑA

María Ausencia Tomé Martínez de Rituerto

A nova delegada provincial da Consellería de Sanidade na Coruña é licenciada en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Unha tese sobre terapia das hiperlipidemias permitiulle obtelo doutoramento en Endocrinoloxía pola Universidade suíza de Ginebra; e outra tese sobre a enfermidade tiroidea no embarazo outorgoulle o mesmo recoñecemento pola Universidade de Santiago.

María Ausencia Tomé Martínez de Rituerto Ampliou estudos nas Universidades de Ginebra, en Suíza, e Lión e Marsella, en Francia. Vén desempeñando a súa especialidade como médico adxunto titular no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, onde tamén exercía a docencia como profesora asociada de Ciencias da Saúde da Facultade de Medicina.

Está casada, e nai de tres fillos.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

DELEGADO PROVINCIAL EN OURENSE

Juan Monedero Aguilera

Nacido en 1954, Juan Monedero Aguilera é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Sevilla, máster en Economía da Saúde e Xestión Sanitaria pola Universidade Pompeu i Fabra de Barcelona e Experto en Alcoholismo pola Universidade Autónoma de Madrid.

A súa actividade profesional como médico sempre estivo ligada á provincia de Ourense, exercendo como médico no Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar; o Centro Residencial docente da Consellería de Educación; a Unidade de Valoración e Orientación de Minusvalideces da Xunta de Galicia e a Unidade Asistencial de Drogodependencias do Concello de Ourense.

A súa actividade de Xestión incluíu a coordinación da Área Social do Concello de Ourense, e actualmente exerce como director da Unidade Asistencial de Drogodependencias do devandito Concello.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

DIRECTOR DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO

Xosé Manoel Romarís Pais

Nacido en Santiago de Compostela no ano 1950, é licenciado en Ciencias, Sección de Biolóxicas, pola Universidade de Santiago de Compostela. Ten realizado diversos cursos de especialización sobre Comunidades Europeas, do Ministerio de Asuntos Exteriores, I Curso Superior de Dereito Ambiental da EGAP e formación sobre impacto ambiental, ambiente e xestión de calidade.

A súa experiencia profesional está vencellada ao sector marítimo pesqueiro de Galicia. Comezou a traballar no Plan de Explotación Marisqueira de Galicia, sendo transferido á Xunta de Galicia no ano 1980. Estivo destinado no Centro Experimental de Vilaxoán (Pontevedra) e no ano 1985 incorporouse como biólogo aos Servizos Centrais da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Entre xuño de 2001 e abril de 2004 foi Director Técnico do Centro de Control do Medio Mariño.

Participou en varios estudos e proxectos sobre dinámica de poboacións e cultivo de moluscos. Dende 1989 e ata 1996 foi responsable dos programas de Protección e Mellora do Medio e das Redes de Mostraxe e Control da Contaminación da Consellería de Pesca, creados para cumprir e adecuar á lexislación europea as normas sobre calidades das augas e control sanitario de moluscos ata a creación do Centro de Control da Calidade do Medio Mariño.

É autor e colaborador de diversas publicacións e traballos sobre acuicultura e xestión de recursos mariños. Ten participado como profesor ou conferenciante en varios cursos de formación e especialización nos eidos da acuicultura e do impacto ambiental.

É membro do Seminario de Estudos Galegos, secretario da Área de Ciencias Mariñas e forma parte do Comité Editorial dos Cadernos da dita área.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

DELEGADA TERRITORIAL NA CORUÑA

Rosa María Liaño Pedreira

Rosa María Liaño Pedreira é licenciada en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (1980) e graduada en Bioloxía.

Comezou a súa carreira profesional traballando como bióloga en distintas empresas e desde 1987 ata 1993 exerceu de inspectora de pesca na Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Neste mesmo ano pasa a ser xefa de negociado de Aproveitamentos da Consellería de Agricultura, Gandaira e Montes. No período 1993-1996 ocupa o cargo de inspectora de Consumo da Consellería de Industria e Comercio.

No ano 1996, Rosa María Liaño Pedreira pasa a ser funcionaria do Corpo Facultativo Superior da Xunta da Galicia, na Escala de Inspección Pesqueira, desempeñando a tarefa de inspectora de pesca na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Rosa María Liaño Pedreira ten participado en distintos cursos e conferencias sobre piscicultura, patoloxía de peixes e moluscos, sobre pesca e xestión de recursos pesqueiros e sobre a industria e a manipulación de produtos da pesca. Tamén asistiu a numerosos congresos nacionais e internacionais sobre acuicultura, presentando incluso comunicacións orais e paneis.

Así mesmo, ten realizado distintos informes e proxectos de investigación e publicado artigos en revistas especializadas sobre temas oceanográficos, pesqueiros e de acuicultura.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

DELEGADO TERRITORIAL EN LUGO

Jaime Cancio Rodríguez

Nacido en febreiro de 1960, é funcionario de carreira do corpo de profesores técnicos de Formación Profesional, labor que desempeñaba na actualidade no IES de Ribadeo (Lugo).

Conta cunha ampla formación complementaria no campo da tecnoloxía, como o acreditan os cursos de Electrónica, Autómatas Programables ou Xestión Técnica de Instalacións en Edificios e Vivendas que ten realizado.

Antes de ingresar na función pública, Jaime Cancio desenvolveu o seu labor profesional en diferentes entidades. Así, traballou na *empresa Electrotécnica Industrial y Naval S.A.*, na Coruña, entre os anos 1978 e 1982; na empresa *Colaboraciones Técnicas Eléctricas S.A.*, en San Cibrao (Lugo), entre 1984 e 1985 e na *Empresa Nacional de Electricidad S.A.*, nas Pontes de García Rodríguez ao longo de 1985.

Dentro do ámbito docente, exerceu como xefe de estudos no IES de Curtis entre 1988 e 1993, ano no que foi elixido para o cargo de director desa institución docente, no que se mantivo ata xuño de 2002.

No eido político, salienta o seu traballo como concelleiro de Cultura no Concello de Foz dende o ano 1995 ata a actualidade e como deputado provincial en Lugo dende 2001.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

DELEGADA TERRITORIAL EN PONTEVEDRA

María de los Ángeles Asunción Montero López

Nacida en 1952 no concello lugués de Baralla, Montero López é diplomada en Relacións Laborais pola Universidade de Santiago de Compostela. A nova delegada territorial en Pontevedra da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos leva traballando na administración desde 1974, onde desempeñou diferentes postos administrativos e de xestión.

Ata o de agora pertencía ao corpo de xestión de emprego do Instituto Nacional de Emprego, dentro do corpo de xestión da Xunta de Galicia.

Participou en diferentes xornadas e cursos impartidos pola Escola Galega de Administración Pública sobre asuntos relacionados coa participación de Galicia nas políticas pesqueiras comunitarias; a práctica procesual laboral; a negociación colectiva e a determinación das condicións de traballo dos empregados públicos; a prevención de riscos laborais; a xestión orzamentaria ou as técnicas de redacción de informes, propostas e resolucións, entre outros.

Montero López é membro da comisión executiva comarcal de Vigo do PSOE; forma parte da comisión de Control de Contas de UGT Galicia e da xunta de persoal funcionario desta mesma organización sindical. Así mesmo, forma parte do tribunal de oposicións para o grupo B da Xunta de Galicia, actualmente en fase de desenvolvemento.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

SECRETARIO XERAL

Jorge Antonio Santiso Blanco

É enxeñeiro agrónomo pola Universidade de Córdoba e funcionario do Corpo de Enxeñeiros do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia e da Escala Superior de Estatísticos.

Traballou como técnico no Instituto de Reforma e Desenvolvemento Agrario en Pontevedra, na Dirección Territorial do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en Galicia e no Servizo de Extensión Agraria.

A finais da década dos 80 e comezo dos 90 ocupou o posto de Secretario Xeral Técnico de Agricultura na Comunidade Autónoma de Galicia e na Deputación Rexional en Cantabria.

É profesor de Economía Aplicada, Área de Economía e Socioloxía Agraria na Universidade de Santiago de Compostela. Traballou dende 1990 no Instituto Galego de Estatística desenvolvendo proxectos relacionados co Complexo Agroalimentario, coa Estrutura Industrial e coa Contabilidade Nacional.

Dende maio de 2004, é director xeral de Industrias Agroalimentarias e Alimentación e Vicepresidente da Axencia Europea de Seguridade Alimentaria.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

DELEGADO PROVINCIAL NA CORUÑA

Manuel Tajés Gómez

Naceu na Coruña en 1957, está casado e é licenciado en Ciencias Químicas, Especialidade Química Fundamental, pola Universidade de Santiago, así como en Ciencias Físicas, Especialidade Física Industrial, pola UNED. Asemade, conta coa diplomatura no Curso Superior de Enxeñaría e Xestión Medio-Ambiental da Escola de Organización Industrial do Ministerio de Industria e co máster en Educación Ambiental pola UNED.

Funcionario de carreira do Corpo de Profesores Agregados de Bacharelato dende 1990, na actualidade exercía como alto inspector na área de Alta Inspección de Educación da Delegación do Goberno en Galicia.

Tras rematar a licenciatura en Ciencias Químicas, desempeñou o labor de analista no Laboratorio de Análises Clínicas e Bacteriolóxicas do Hospital de Mariña de Ferrol (1981-82). Posteriormente, foi contratado como Inspector de Calidade polo Departamento de Transportes, Materias Primas e Medio Ambiente da empresa Norcontrol S.A. (1983-87).

No ano 1987 deu o salto á docencia, ao pasar a exercer como profesor agregado de Bacharelato. Neste campo, ocupou diversas responsabilidades nos últimos 18 anos, como a Vicedirección do Instituto de Formación Profesional de Ordes (A Coruña), a Xefatura do Seminario de Física e Química no anterior centro ou a Xefatura de Sección de Formación Profesional no IES Crucero (Balears).

Dende febreiro de 2005 ata agora, viña exercendo como alto inspector do Ministerio de Administracións Públicas na Área de Alta Inspección de Educación da Delegación do Goberno en Galicia.

No seu currículo conta ademais cunha vintena de publicacións e a participación en múltiples conferencias e relatorios.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

DELEGADO PROVINCIAL EN LUGO

Eduardo Vidal Baamonde

Naceu en Vilalba (Lugo) hai 47 anos. Está casado e ten dúas fillas. Licenciado en Veterinaria pola Universidade Complutense de Madrid, completou a súa formación coa diplomatura en Sanidade e diversos cursos de xestión ambiental.

A súa experiencia profesional está ligada á actividade veterinaria. Así, exerceu como veterinario clínico rural durante cinco anos e como veterinario titular con carácter interino no concello de Viveiro durante tres.

Dende o ano 1994, é funcionario de carreira do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, na escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria. Dentro desta, exerceu como veterinario oficial de Agricultura da comarca de Mondoñedo durante catro anos e como veterinario funcionario de Inspección Pesqueira na Delegación Territorial de Celeiro (Lugo) entre 2000 e 2005.

No eido político, na actualidade é concelleiro en Xermade (Lugo) polo PSdeG-PSOE, así como secretario xeral desta formación na comarca da Terra Cha.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

DELEGADO PROVINCIAL EN OURENSE

Celso Fernández López

Naceu en Punxín (Ourense), en febreiro de 1959, está casado e ten dous fillos. É licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade Española a Distancia e diplomado en Profesorado de EXB pola Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB de Ourense. Asemade, cursou unha variada gama de estudos complementarios relacionados na súa maioría coa lingua e literatura e o labor docente.

Conta cunha ampla experiencia profesional no eido da docencia. Foi profesor de Ensino Xeral Básico nas provincias de Ourense e A Coruña entre 1981 e 1989. Nese ano, pasou a desenvolver o labor de profesor agregado de instituto de ensino secundario, exercendo nas provincias de Pontevedra e Ourense, ata que en xullo de 2004 foi nomeado Director Provincial do SPEE-INEM.

Como docente, exerceu como director do Colexio Público de San Amaro e como xefe de estudos do Instituto Nº 1 do Carballiño, centro en que tamén ocupou en diversas ocasións o cargo de Xefe de Departamento e de Coordinador de Normalización Lingüística. Foi ademais profesor colaborador coa Dirección Xeral de Política Lingüística no Carballiño e relator en xuntanzas de normalizadores lingüísticos en Ourense e Verín.

Participou en tribunais de acceso á función pública na administración local do Carballiño e en comisións de adxudicación e mesas de contratación en Maside, así como nun tribunal de acceso a ciclos en Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

DELEGADO PROVINCIAL EN PONTEVEDRA

Juan Francisco Froján Fontán

Juan Francisco Froján Fontán naceu en Caldas de Reis en 1963 e é licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago.

Ao longo da súa traxectoria profesional desempeñou o posto de coordinador do equipo da Consellería de Cultura que puxo en marcha o convenio INEM-Xunta, de fomento do asociacionismo xuvenil, que permitiu que máis de sesenta mozos traballasen en asociación de ámbito galego. Isto propiciou a profesionalización dos técnicos en asociacionismo xuvenil, xerme da actual rede de Oficinas de Información Xuvenil (OMIX), estendida por todos os concellos galegos. Así mesmo, foi coordinador do equipo da Consellería de Cultura que puxo en funcionamento a iniciativa *Carné Xove*.

No período 1998-2001, Juan Francisco Froján Fontán foi secretario da executiva da *Asociación de Comercio de Caldas de Reis*. Tamén foi membro da xestora de *Caldas Centro Comercial Aberto*.

Desde moi novo, Juan Francisco Froján Fontán estivo vinculado a movementos políticos. Desde os trece anos e ata 1981 estivo afiliado ao movemento de Estudantes Revolucionarios Galegos. Desde 1982 foi militante das Xuventudes Socialistas de Galicia, sendo secretario xeral desta organización política no período 1986-1990. Neste último ano e ata 1993, como membro da Comisión Executiva Federal de Xuventudes Socialistas de España, desenvolveu traballos na Secretaría de Relacións Internacionais, desde onde se apoiaron proxectos de cooperación e desenvolvemento en distintos países. De 1990 e ata 1993 foi secretario de Universidade do Comité Local de Santiago do PSdeG-PSOE, cando se puxo en marcha a Asociación Universitaria Galega de Estudantes.

No ano 2000, Juan Francisco Froján Fontán pasou a ocupar o cargo de secretario xeral do PSdeG-PSOE na comarca do Ulla-Umia.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

DELEGADA PROVINCIAL EN OURENSE

Carmen Rodríguez Dacosta

Nacida en Ourense en 1969. É Licenciada en Dereito e Técnico Medio en Prevención de Riscos Laborais.

Dende o mes de setembro de 1996 ata a actualidade é Asesora Xurídica laboralista. Con anterioridade, desenvolveu diversos cursos como monitora de Formación Ocupacional no Plan FIP en colaboración coa Xunta de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

DIRECTORA XERAL DE FOMENTO E CALIDADE DA VIVENDA

Encarna Otero Cepeda

Naceu en Santiago o 29 de Xullo de 1950. En 1975 licénciase en Historia na Universidade de Toulouse-Le Mirail (Francia). No mesmo ano obtén a *maitrise d' Histoire*, título equivalente ao de grao na Universidade galega.

En 1978, supera os exames de oposición a agregados de Xeografía e Historia, pasando a exercer a docencia no I.B. *Eduardo Pondal* en Santiago. No curso 1979-80 realiza o doutoramento na Facultade de Historia da Universidade de Santiago obtendo a cualificación de Sobresaliente. Este mesmo ano, comeza o traballo de investigación que terá por obxecto obter a tese de doutoramento *O traballo da muller na Galiza do s. XIX A Fábrica de Tabacos de Coruña*.

A partir do ano 1986 forma parte do *Seminario Permanente de Historia de COU* que elaborou o libro de texto de *Historia do Mundo Contemporáneo* e a *Guía de Historia do Mundo Contemporáneo*.

Colabora en diferentes publicacións galegas como *A Nosa Terra*, *O Ensino*, *Andaina*, *Festa da Palabra Silenciada* con diversos artigos sobre a muller na historia. Presentou no Congreso sobre Rosalía de Castro, celebrado en Compostela en Xullo de 1985, unha comunicación.

Desde 1970 milita activamente no nacionalismo. Entre 1971 e 1976, na súa etapa de Toulouse (Francia), participa no movemento antifranquista. No 1982 –recén creado o BNG- forma parte do seu Consello Nacional.

Formou parte da comisión política do BNG que elaborou, xunto co PNV e CiU as declaracións de Barcelona, Gasteiz e Santiago. Desde 1991, é concelleira do BNG en Santiago e portavoz municipal deste grupo. Desde o ano 1999 ata o 2003 foi 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico, de relacións co Consorcio e de Muller.

En decembro de 2003 é nomeada secretaria de Relacións Exteriores e Formación pola Executiva Nacional, da cal forma parte desde a XI Asemblea Nacional do BNG.